



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA  
AXENCIA TRIBUTARIA

## CARREIRA ADMINISTRATIVA:

### Mesa de Seguimento do Acordo

Na reunión de hoxe a AEAT entregounos unha acta onde se recollen as cuestións tratadas na reunión do pasado día 21 e que xa quedaran pechadas. Entre as cuestións que aparecen na acta, que foi asinada pola parte social, destacamos:

- Paso do Tramo 0 ao 1 para os funcionarios que se atopaban na AEAT cando se asinou o Acordo ou ben tiñan recoñecido servizos previos na AEAT con anterioridade ao 14/11/07
- Cómputo da antigüedad para o SVA nos casos de integración
- Eliminación das claves de horario especial (HV ou H24)

Achegamos, coa nota informativa, copia da acta da reunión, onde podedes ver con máis detalle os temas anteriormente expostos.

Por outra banda, queda pendente de análise unha serie de aspectos do Acordo que, se ben estaban na orde do día da reunión de hoxe, quedan para ser analizadas na próxima reunión, como son a "evaluación del desempeño", as garantías retributivas nos supostos de promoción (a AEAT está creando o seu "acordo paralelo" ao crear "tramos inexistentes" que non aparecen no Acordo de Carreira Administrativa), consolidación do grado, etc.

Desde a CIG e o resto da parte social insistimos en que a AEAT debe facilitar por escrito, e con anterioridade ás reunións, as súas propostas e os seus criterios para un estudo minucioso por parte das organizacións sindicais. Non é de recibo que as últimas reunións comecen cun retraso considerable respecto ao horario previsto e por riba a AEAT non presente a documentación necesaria para poder tratar os distintos puntos da orde do día, iso non é mais que outra proba máis da falta de organización dos responsables da AEAT.

Se queredes que levemos á Mesa de Carreira Administrativa algún aspecto do Acordo de Carreira para a súa aclaración ou tedes dúbidas sobre a aplicación do Acordo, contactade con nós.

SEGUIREMOS INFORMANDO

**28/05/09**

CIG AEAT:  
DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA  
Rúa Comandante Fontanes, 10-sot.  
Télf.:981 61 68 89/687 82 15 44  
Fax:981 12 72 22  
[cigaeat@gmail.com](mailto:cigaeat@gmail.com)  
[WWW.CIGAEAT.COM](http://WWW.CIGAEAT.COM)